



Resolución do procedemento de inscrición do monte Fraga do Monte Raño no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas

Antecedentes

1. O 05/03/2020 o xefe do Servizo de Montes de A Coruña acordou o inicio do procedemento de inscrición do monte Fraga do Monte Raño no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas, de acordo co artigo 10 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas.
2. O 24/07/2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas do monte Fraga do Monte Raño.
3. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
4. Instruído o procedemento, o 18/11/2020 comunicouse ás persoas interesadas a apertura dun trámite de audiencia, en cumprimento do artigo 11.6 do Decreto 167/2019, e do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
5. Durante o trámite de audiencia non se presentaron alegacións.
6. O 09/12/2020 o xefe do Servizo de Montes da Coruña formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.
3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.





Tendo en conta o anterior, **RESOLVO**:

Que se inscriba o monte Fraga do Monte Raño no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Número de rexistro: 15002

Nome do monte: Fraga do Monte Raño

Pertenza: Comunidade de montes veciñais en man común de Verís

Concello: Irixoa

Provincia: A Coruña

Superficie total: 66,69 ha, en tres coutos redondos

Couto redondo 1 (5,49 ha):

Idade: 45 anos

FCC: 100%

Especies: *Quercus robur*; *Castanea sativa*; *Betula sp.*

Couto redondo 2 (52,14 ha):

Idade: 45 anos

FCC: 100%

Especies: *Quercus robur*; *Castanea sativa*; *Betula sp.*

Couto redondo 3 (9,06 ha):

Idade: 45 anos

FCC: 100%

Especies: *Quercus robur*; *Castanea sativa*; *Betula sp.*

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez
(Asinado dixitalmente)

